

Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CANGAS****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE MEDIO
AMBIENTE**ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL
DE MEDIO AMBIENTE DE CANGAS*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión de data do 26 de xaneiro de 2024 o Regulamento do Consello Sectorial de Medio Ambiente, sometido ao trámite de exposición pública mediante anuncio publicado no BOP nº 31, de data 13 de febreiro de 2024, e ao non terse presentado ningunha reclamación ou suxestión durante o prazo de información pública, dita aprobación elévase a definitiva de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícase o seu texto íntegro, que se insire a continuación ao efecto da súa entrada en vigor.

REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE CANGAS*PREÁMBULO*

O Concello de Cangas do Morrazo, consciente dos grandes cambios ambientais e dos grandes retos que se están expondo a nivel mundial con respecto á conservación do medio ambiente e da biodiversidade, pretende realizar unha xestión eficiente e de ampla participación social, que garanta o benestar da cidadanía así como a xustiza social e ambiental, ambas profundamente unidas.

Para conseguir ese obxectivo é fundamental ir construíndo entre a cidadanía unha conciencia ambiental participativa e de compromiso coa mellora das condicións ambientais e neste sentido os poderes públicos teñen unha gran responsabilidade xa que deben ser o espello onde se mira a sociedade e teñen nas súas mans a toma activa de decisións, debendo ofrecer medidas proporcionais que garantan que non se lesionen os dereitos dos cidadáns.

Con este Regulamento o Concello de Cangas non soamente quere cumprir cunha obrigação legal, social e ética, senón atender a necesidade de adecuar a normativa municipal aos postulados da conservación do medio ambiente, o cal xustifica o principio de necesidade e eficacia.



Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

O presente regulamento se enmarca no artigo 131.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sendo obxecto de tramitación e publicidade seguindo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e da normativa de transparencia estatal, autonómica e municipal.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. CONSTITUCIÓN

En base ao disposto no artigo 29 do Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Cangas, aprobado en pleno de 28 de xaneiro de 1995, constitúese o Consello Sectorial de Medio Ambiente do Concello de Cangas.

O Consello Sectorial de Medio Ambiente conducirase polo presente regulamento e polo aprobado no Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Cangas.

ARTIGO 2. OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto regular a organización, competencias e funcionamento do Consello Sectorial de Medio Ambiente do Concello de Cangas, como órgano de debate, reflexión, información e propostas en relación coas actividades municipais relativas á conservación do medio ambiente no noso termo municipal.

O Consello de Medio Ambiente é un órgano colexiado, permanente de participación e carácter consultivo, asesor do Concello de Cangas a través do cal se canaliza a participación da cidadanía e entidades no campo do medio ambiente e conservación da natureza, e cuxo ámbito territorial corresponde ao termo municipal de Cangas.

O obxecto deste consello é a incorporación de criterios de protección medioambiental na xestión municipal e permitir a participación da cidadanía e das asociacións na xestión e mellora do medio ambiente.

ARTIGO 3. OBXECTIVOS E FUNCIÓNS DO CONSELLO SECTORIAL

1. Obxectivos:

- a) Fomentar a participación na xestión medioambiental do Concello das persoas e entidades afectadas ou interesadas.
- b) Ser un espazo de encontro que fomente o asociacionismo e a coordinación entre as diferentes entidades que actúen neste ámbito, tanto públicas coma privadas.
- c) Asesorar ao Concello sobre as actuacións que leve adiante no ámbito de actuación do Consello.



Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

- d) Fomentar a realización de calquera actuación e/ou actividade que favoreza o desenvolvemento sostible e a recuperación e conservación da biodiversidade no municipio.
- e) Promover a aplicación de políticas e actuacións municipais integrais dirixidas á defensa dos dereitos das persoas en relación co medio ambiente, a través da educación ambiental e concienciación ecolóxica.
- f) Vixiar o cumprimento da normativa medioambiental e elevar queixas por actuacións que incidan no medio ambiente do Concello.
- g) Garantir a transversalidade das políticas ambientais en todas as actuacións do goberno municipal.
- h) Impulsar a divulgación, difusión e coñecemento da contorna natural e urbana do noso Concello desde unha perspectiva de protección ambiental.

2. Son funcións do Consello para facer efectivos os obxectivos enunciados no artigo anterior:

- a) Estudar e analizar a situación do medio ambiente no municipio e no seu caso, denunciar por medio de informes calquera situación de irregularidade ambiental que se produza no municipio.
- b) Estudar, analizar e realizar un seguimento regular das condicións ambientais e do status das diferentes especies que integran a biodiversidade do municipio.
- c) Velar polo desenvolvemento transversal das políticas ambientais en todas as actuacións municipais e principalmente en realización de obras que afecte a ámbitos de protección ou que intente corrixir problemas medioambientais.
- d) Impulsar, orientar e promover medidas, programas de actuación e normativas orientados a garantir a conservación e mellora do medio ambiente e a biodiversidade no ámbito local.
- e) Ser informado das bases das convocatorias de subvencións a asociacións do sector.
- f) Asesorar aos organismos competentes en materia de medio ambiente na definición de liñas de actuación, o seu seguimento así como na elaboración do orzamento anual.
- g) Propoñer a realización de campañas de sensibilización e información en todos aqueles aspectos que contribúan a mellorar a concienciación cidadá en materia de medio ambiente.
- h) Canalizar propostas, suxestións ou queixas colectivas ou individuais para o seu tratamento nos órganos municipais competentes.
- i) Promover a formalización de convenios co obxectivo de levar a cabo tarefas de concienciación cidadá.
- j) Promover e divulgar na cidadanía as investigacións e o coñecemento en materia ambiental e sobre a biodiversidade do municipio.
- k) Colaborar na organización dos actos institucionais impulsados polo Concello relacionados co tema ambiental.



Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

- l) Promover actuacións de conservación da biodiversidade en concordancia cos obxectivos expostos polos organismos internacionais.
 - m) Estudar e analizar a situación da mobilidade desde o punto de vista ambiental.
3. Os membros do Consello poderán solicitar do Concello a información necesaria para o adecuado cumprimento dos seus fins.

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

ARTIGO 4. COMPOSICIÓN

El Consello Sectorial de Medio Ambiente contará cos seguintes órganos:

- a) A Presidencia.
- b) A Secretaría.
- c) O Pleno do Consello.
- d) Os Grupos de Traballo.

ARTIGO 5. PRESIDENCIA DO CONSELLO

1. A Presidencia corresponderá a Alcaldía ou titular da Concellería de Medio Ambiente. O Consello poderá dotarse dun/ha Vicepresidente/a que substituirá ao/á Presidente/a en caso de imposibilidade de asistencia ou en ausencia deste/a. O/A Presidente/a delegará as súas funcións nesta figura cando considere.

2. Son funcións da Presidencia do Consello:

- a) Dirixir e representar ao Consello Sectorial de Medio Ambiente.
- b) Convocar as sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día de cada sesión.
- c) A Presidencia pode invitar a participar nas sesións do Pleno con voz pero sen voto a persoal técnico da área obxecto deste Consello.
- d) Presidir e moderar o desenvolvemento das reunións.
- e) Facer uso do voto de calidade no caso de empate nas votacións.
- f) Executar e difundir os acordos do Consello Sectorial.
- g) Garantir a participación cidadá no marco das normas internas do Consello.
- h) Asumir as competencias non atribuídas expresamente a outro órgano do Consello e exercer cantas outras atribucións sexan inherentes á súa condición de titular da Presidencia do Consello.
- i) Ser ligazón de información entre a Corporación municipal e o Consello.

ARTIGO 6. SECRETARÍA

1. A Secretaría do Pleno do Consello será exercida por un funcionario do Concello, nomeado pola Alcaldía coa conformidade da Secretaría Xeral do Concello.



Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

2. Serán funcións da Secretaría:

- a) Elaborar a convocatoria das sesións, por orde da Presidencia ou Vicepresidencia, no seu caso.
- b) Asistir, con voz pero sen voto, as sesións do Consello.
- c) Custodiar a documentación do Consello.
- d) Todas as actuacións propias da Secretaría dun órgano colexiado, como asistir á Presidencia na celebración das sesións, velar polas regras de adopción de acordos, e levantar acta.

ARTIGO 7. O PLENO DO CONSELLO

1. O Pleno do Consello é o máximo órgano do Consello e terá a seguinte composición:

- O/a Presidente/a: persoa que ostente a Alcaldía ou a titular da Concellería en quen delegue, que ostentará o voto de calidade.
- Un/ha Secretario/a: un/ha traballador/a municipal designado pola Presidencia do Consello, con voz e sen voto.
- Un/ha representante por cada un dos partidos políticos con representación no Pleno.
- Un/ha representante da Mancomunidade de Concellos do Morrazo.
- Un/ha representante da empresa que xestione o servizo do ciclo da auga.
- Un/ha representante de asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións con actividades relacionadas co medio ambiente.
- Un/ha representante de cada un dos Colexios ou Asociacións Profesionais implicados en materias medioambientais, previa solicitude formal de incorporación ao Consello.
- Un/ha representante por cada sindicato con implantación no Concello, previa solicitude formal de incorporación ao Consello.
- Un/ha representante por cada asociación empresarial con implantación no Concello, previa solicitude formal de incorporación ao Consello.
- Un/ha representante por cada Asociación de Veciños con implantación no Concello, previa solicitude formal de incorporación ao Consello.
- Un/ha representante por cada Comunidade de Montes en Man Común do ámbito territorial do Concello.
- Un/ha representante das Comunidade de Augas públicas e privadas por Parroquia.
- Un/ha representante dos Centros Educativos.
- Un/ha representante das ANPA do Concello.
- Un/ha representante de cada unha das cofradías de Pescadores.

Así como calquera outra asociación veciñal que xurdise no futuro dentro do municipio con vinculación coa materia.



Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

2. A anterior relación poderá incrementarse con aquelas persoas que a título particular mostren interese e acrediten estar relacionadas e/ou formadas no ámbito do medio ambiente, e realicen ao efecto unha petición expresa para participar como integrantes do Consello, e este a aprobe en sesión convocada ao efecto, ata un máximo de tres integrantes.

3. Existirá un só representante por cada entidade/asociación, podendo designarse suplente con carácter permanente ou ben especificamente para cada sesión, pero sempre por escrito e antes do inicio da mesma.

4. Os membros do Consello exercerán as súas funcións con carácter gratuíto.

5. Todos os membros do Consello terán dereito a voz e voto.

ARTIGO 8. ATRIBUCIÓNS DO PLENO

Son atribucións do Pleno:

- a) Determinar as liñas estratéxicas de actuación do Consello.
- b) Impulsar calquera iniciativa que se considere oportuna para o fomento da biodiversidade, a instalación de enerxías renovables, a xestión eficaz de residuos, augas e chans, a investigación ambiental, a mobilidade, o consumo e o desenvolvemento urbano ambientalmente sostibles, a economía circular así como calquera outros aspectos da xestión municipal nestas áreas.
- c) Aprobar a constitución de grupos de traballo.
- d) Estudar, debater e pronunciarse sobre as diferentes propostas e informes en relación ás políticas sectoriais sometidas a aprobación polos órganos municipais.
- e) Aprobar as normas de funcionamento interno, así como efectuar as oportunas suxestións e, se é procedente, propor modificacións deste regulamento.
- f) Elevar propostas á Corporación municipal.
- g) A elaboración da Memoria anual das actividades do Consello Sectorial.
- h) Formulación de rogos e preguntas dirixidos á Corporación municipal.

ARTIGO 9. FUNCIONAMENTO DO PLENO

1. As sesións do Pleno poderán ter carácter:

- *Ordinario*: celebraranse unha vez no trimestre. Á proposta da Presidencia, na primeira sesión do ano establecerase o calendario de sesións ordinarias do Pleno do mandato.
- *Extraordinario*: serán convocadas pola Presidencia, a iniciativa propia ou a petición de, polo menos, un número de vogais non inferior á metade do total que integran o Pleno.
- *Urxentes*: convocadas por decisión da presidencia ou a petición de, polo menos, a metade dos vogais integrantes do Pleno.

As sesións urxentes deberán convocarse con vinte e catro horas de antelación. O carácter urxente da sesión deberá ratificarse polo mesmo Pleno, por maioría simple, debendo incluírse



Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

a estes efectos como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a declaración de urxencia.

ARTIGO 10. ORDE DO DÍA E CONVOCATORIA DAS SESIÓNS

A Presidencia ordenará a convocatoria das sesións do Pleno. Nesta convocatoria remitirase a orde do día cos asuntos que se teñen que tratar, así como a documentación necesaria e todas as aportacións que puideran realizar as persoas membros do Consello en relación a estes puntos. A convocatoria das sesións ordinarias farase con cinco días de antelación, salvo cando se trate de sesións urxentes que se fará cun mínimo de vinte e catro horas.

A convocatoria terá que facerse, preferentemente, por medios electrónicos. No suposto de que non fora posible, poderá facerse de calquera outra forma de acordo coa normativa vixente sobre o procedemento administrativo.

Toda a documentación xerada no seo da Comisión terá que estar dispoñible na web municipal.

ARTIGO 11. SESIÓNS E TOMA DE DECISIÓNS

1. O Pleno do Consello Sectorial quedará constituído en primeira convocatoria cando asistan, cando menos, a metade máis un das persoas membros de pleno dereito que o compoñen e quedará constituído en segunda convocatoria, media hora máis tarde, calquera que sexa o número de asistentes, sempre que estean presentes a Presidencia e a Secretaría ou as persoas nas que delegaran.

2. Para la toma de decisións tenderase á busca do consenso e ao acordo colectivo.

3. En caso de non acadarse o consenso, as decisións tomaranse por maioría simple de votos dos membros de pleno dereito do Consello. Será necesaria a maioría absoluta dos membros do Consello para a aprobación ou modificación das normas internas do Consello. En caso de empate nas votacións, a Presidencia terá voto de calidade.

4. A orde do día das convocatorias ordinarias será fixada pola Presidencia e conterá cando menos os seguintes puntos:

- a) Aprobación da acta da sesión anterior
- b) Os asuntos para os que se convocara o Pleno.
- c) Rogos e preguntas.

Os membros de pleno dereito do Consello poderán propor a inclusión dalgún punto na orde do día previo ao envío da convocatoria. Deberán remitir a proposta á Presidencia do Consello.

Só poderán ser obxecto de votación os asuntos que figuren na orde do día, salvo que por maioría absoluta das persoas membros de pleno dereito sexa declarada como urxente a inclusión de calquera outro asunto.



Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

5. A orde do día das sesións extraordinarias conterà o asunto específico polo que se convocou a sesión extraordinaria e non conterà os puntos mínimos indicados no punto anterior.

6. En cada sesión do Pleno levantarase por parte da Secretaría unha acta da sesión que deberá especificar as persoas asistentes así como as ausencias xustificadas, os principais aspectos das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.

7. A acta deberá ser enviada no prazo máximo dun mes desde a celebración da reunión. As actas aprobaranse na seguinte sesión, podendo emitirse certificación das decisións adoptadas, sen prexuízo da posterior aprobación da acta. Nas certificacións emitidas antes da aprobación definitiva da acta farase constar expresamente esta circunstancia.

8. Este Consello ao ter carácter consultivo e de participación cidadá, determinará as directrices a seguir nas diferentes políticas públicas medioambientais. Para elo, emitirá informes con rango de recomendacións, que en todo caso se elevarán á Alcaldía para ser tido en conta no órgano municipal competente.

ARTIGO 12. GRUPOS DE TRABAJO

Para o estudo de temas puntuais e concretos relacionados co ámbito do Consello poderanse constituír grupos de traballo específicos, que non terán carácter permanente, a iniciativa do Presidente ou Presidenta do Consello e/ou a petición da maioría de membros que integran o Consello. Terán como función elaborar informes, propostas e realizar aquelas actividades que se consideran convenientes para as finalidades asignadas.

Poderán participar nos grupos de traballo representantes das asociacións pertencentes ao Consello e tamén especialistas dos diferentes temas obxecto de estudo que sexan propostos pola maioría simple dos membros do Consello.

A adopción inicial dos acordos nos grupos de traballo realizarase pola maioría simple das persoas presentes, tendo en conta que sempre terán que ser elevadas ao Consello as conclusións ou acordos, porque o Consello aproba definitivamente as conclusións e acordos tomados nos grupos de traballo.

Poderán formar parte de cada comisión de traballo, con voz pero sen voto, os técnicos asesores que a comisión/grupo acorde.

ARTIGO 13. NOMEAMENTO E CESAMENTO DOS MEMBROS DO CONSELLO

1. O mandato dos membros do CSMA será polo período de catro anos coincidentes con cada mandato corporativo. O mandato do primeiro CSMA que se constituía ó abeiro deste Regulamento durará ata a celebración das vindeiras eleccións municipais.

As persoas integrantes do Consello Sectorial de Medio Ambiente serán renovadas, aínda que podan ser as mesmas persoas, cando se renove a Corporación, e no prazo máximo de tres meses despois de constituída.



Venres, 19 de abril de 2024

Núm. 77

A persoa que exerza a Presidencia dirixirase ás institucións e organizacións interesadas para proceder á renovación cando proceda.

2. O nomeamento poderá extinguirse por:

- a) Revogación por parte da entidade á que representa.
- b) Renuncia expresa da persoa interesada.
- c) Disolución da entidade asociativa. As persoas representantes cesarán automaticamente como membros do Consello.

En todos os casos de revogación, renuncia ou disolución, deberase comunicar a mesma á Presidencia, mediante escrito presentado no Rexistro do Concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A modificación total ou parcial deste Regulamento, así como a súa derogación, corresponde ao Pleno Municipal, previa consulta ou a proposta do Consello.

DISPOSICIÓN FINAL

Para todo o que non estea disposto neste regulamento aplicárase o que establecen as disposicións legais vixentes que poidan afectar á súa creación, desenvolvemento das súas funcións e extinción.

Dita aprobación esgota a vía administrativa, podéndose impugnar no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

En Cangas, na data que figura na sinatura electrónica.

A Alcaldesa,

Araceli Gestido Rodríguez.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: JQZFUDEL900PQ5YE

